



órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

10.- Apertura de ofertas: seguinte día hábil (agás sábados) ao que remate o prazo de presentación de proposicións.

11.- Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

12.- Páxina web: www.concellobarbadas.es (perfil do contratante).

Barbadás, 2 de maio de 2016. O alcalde.

Asdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.

Anuncio

Anuncio del Ayuntamiento de Barbadás relativo a la contratación administrativa especial consistente en la explotación del bar-cafetería de la Piscina Municipal de Barbadás:

1.- Entidad adjudicadora: Ayuntamiento de Barbadás.

2.- Objeto del contrato: contratación administrativa especial consistente en la explotación del bar-cafetería de la Piscina Municipal de Barbadás.

3.- Tramitación ordinaria: procedimiento abierto.

4.- Presupuesto base de licitación: 150 € mensuales (impuestos incluidos).

5.- Garantía provisional: no existe.

6.- Garantía definitiva: se establece a tanto alzado en el importe de 4.000 €.

7.- Obtención de información: Ayuntamiento de Barbadás, Cimadevila, 1, Barbadás, 32890. Teléfono: 988 360 000.

8.- Presentación de las ofertas: quince (15) días naturales desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP o en el DOG (en caso de producirse la publicación en días diferentes el plazo comenzará a computar desde la última publicación).

9.- Lugar de presentación de las proposiciones: en el Registro General del Ayuntamiento de Barbadás. Cimadevila 1. Barbadás 32890 (Ourense) en horario de 9:00 a 14:00 horas. Cuando la documentación se envíe por correo, el empresario deberá justificar la fecha de imposición del envío en la oficina de Correos y anunciar al órgano de contratación la remisión de la oferta mediante télex, fax o telegrama en el mismo día.

10.- Apertura de ofertas: siguiente día hábil (excepto sábados) al que finalice el plazo de presentación de proposiciones.

11.- Gastos del anuncio: por cuenta del adjudicatario.

12.- Páxina web: www.concellobarbadas.es (perfil del contratante).

Barbadás, 2 de mayo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Xosé Carlos Valcárcel Doval.

R. 1.357

O Barco de Valdeorras

Resolución de delegación da Alcaldía

Logo de ver que, por asuntos de índole persoal, durante o día 21 de abril de 2016, se vai producir a miña ausencia do termo municipal, de conformidade coas atribucións conferidas pola Lei 7/1985 (artigo 23.4) e o Real decreto 2568/1986 (artigos 43 e 44), resolvo:

1º Delegar o exercicio das atribucións da Alcaldía na persoa do primeiro tenente de alcalde, don Aurentino Alonso Araujo, durante o día 21 de abril de 2016.

2º Comuníquese esta resolución ao interesado.

3º Publíquese esta delegación no Boletín Oficial de Ourense.

O Barco de Valdeorras, 18 de abril 2016. O alcalde.

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

Resolución de delegación de la Alcaldía

Una vez visto que, por asuntos de índole personal, durante el día 21 de abril de 2016, se va a producir mi ausencia del término municipal, de conformidad con las atribuciones conferidas por la Ley 7/1985 (artículo 23.4) y el Real Decreto 2568/1986 (artículos 43 y 44), he resuelto:

1º Delegar el ejercicio de las atribuciones de la Alcaldía en la persona del primer teniente de alcalde, don Aurentino Alonso Araujo durante el día 21 de abril de 2016.

2º Comuníquese la presente resolución al interesado.

3º Publíquese la presente delegación en el Boletín Oficial de Ourense.

O Barco de Valdeorras, 18 de abril de 2016. El alcalde.

Fdo.: Alfredo L. García Rodríguez.

R. 1.171

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección de dúas prazas vacantes de funcionarios/as de carreira pertencentes ao Corpo de Policía Local (categoría policía).

Por Resolución da Alcaldía do 18 de abril de 2016, acordouse convocar o proceso e aprobar as súas bases reguladoras para cubrir, en propiedade, dúas prazas vacantes de funcionario de carreira incluídas na oferta de emprego público do exercicio 2013 (publicada no BOP n.º 10, do 14.01.2014 e no DOG n.º 11, do 17.01.2014) pertencentes á administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, polo que se lles dá preceptiva publicidade:

“Bases reguladoras do proceso de selección de dous funcionarios/as de carreira correspondentes ás prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do ano 2013 do Concello do Barco de Valdeorras

1ª.- Obxecto da convocatoria e procedemento de selección

É obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo para cubrir, en propiedade, dúas prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público do exercicio 2013 (publicada no BOP n.º 10 do 14.01.2014 e no DOG n.º 11 do 17.01.2014) correspondentes á administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local e que, segundo a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, pertencen á escala básica, categoría de policía. Ambas as dúas prazas pertencen ao grupo C1, teñen un complemento de destino nivel 17, e un complemento específico de 9.907,17 € (referido a 14 pagas).

O procedemento de selección será a oposición por quenda libre.

2ª.- Requisitos dos aspirantes

1. Para poder participar no proceso será preciso reunir os requisitos seguintes:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Superar os 18 anos de idade.

c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres. Este requisito comprobarase inmediatamente antes do comezo do terceiro exercicio do proceso selectivo, quedando excluído do proceso quen non teña a altura mínima esixida nestas bases.

d) Estar en posesión da titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1 conforme á normativa de función pública (artigo 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas



para a reforma da función pública: título de Bacharelato, Formación Profesional de segundo grado ou equivalente).

A acreditación da correspondente validación deberá presentarse mediante certificación emitida polo órgano educativo competente ao respecto.

No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e ciencia en que se faga constar a súa equivalencia/homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes coa esixida para o acceso.

Para os efectos de equivalencia ateranse ao disposto na Orde Edu/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obligatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e normativa educativa vixente.

e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B con BTP na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo no Corpo da Policía Local.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. Non ter sido condenado/a por delito doloso. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.

h) Acreditar a aptitude física mediante a presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican nestas bases e de non estar incurso en posibles causas de incapacidade recollidas no anexo de exclusións médicas destas bases, sen prexuízo de comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

O certificado deberá conter o seguinte modelo: “Don/Dona ... reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física esixidas na convocatoria .../... para a provisión en propiedade de dúas (2) prazas de Policía Local do Concello do Barco de Valdeorras”.

i) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

2. Todos estes requisitos deberán ser acreditados na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente e deberán reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

3ª.- Presentación de instancias

As instancias nas que se solicita participar no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía, segundo o modelo do anexo II. Presentaranse no Rexistro Xeral do concello, debidamente cubertas, durante o prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no

Boletín Oficial do Estado. Poderán, así mesmo, remitirse na forma determinada na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Para ser admitidas e, se é o caso, participar nas probas selectivas, as persoas aspirantes manifestarán nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Así mesmo, as persoas aspirantes comprométense, en caso de ser propostos para o correspondente nomeamento, a prestar xuramento ou promesa de acordo co que determina o Real decreto 707/1979, do 5 de abril, e a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade (BOE n.º 63, do 14 de marzo)

Á instancia acompañarase inescusablemente a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.

- Fotocopia compulsada do título de Bacharelato, técnico de Formación Profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia. Tamén será obrigatoria a presentación, se é o caso, do certificado de acreditación da correspondente homologación, de acordo co recollido no apartado 1.d) da base 2ª anterior.

- Fotocopia compulsada dos permisos de conducción das clases A2 e B con BTP, así como declaración xurada comprometéndose a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo, como funcionario de carreira, no Corpo da Policía Local.

- Declaración xurada de portar armas e, se é o caso, chegar a utilizalas.

- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos. O certificado deberá axustarse ao modelo oficial.

- Fotocopia compulsada acreditativa de posuír o certificado de lingua galega Celga 4 ou equivalente homologado de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007 coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Terán efectos equivalentes á validación do Celga 4, e sempre e cando o/a aspirante se atope na situación recollida no punto 2 da disposición adicional terceira da mencionada orde, a documentación e referencia normativa aportada e alegada polo/a aspirante para acreditar que se está en posesión dos estudos ou probas que se precisan para poder ser validados polo Celga 4, correspondéndolle a esta Administración comprobar a documentación presentada e determinar se procede ou non a exención (só para aqueles aspirantes que desexen acreditar que están exentos da proba de lingua galega).

Todas as compulsas que se presenten neste procedemento deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a deste concello en quen delegue, admitíndose tamén as compulsas que se realicen nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido que se presente a documentación para o seu posterior envío - sempre e cando se entreguen no dito rexistro para a remisión ao Rexistro Xeral deste concello-, especificados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



4ª.- Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas

Unha vez rematado o prazo para presentar solicitudes, o alcalde ditará resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello e na súa páxina web (a meros efectos informativos), concedendo un prazo de dez días para reclamacións. A data de publicación no Boletín Oficial da Provincia será a determinante dos prazos para os efectos das posibles reclamacións.

As citadas reclamacións, se as houbese, resolveráas a Alcaldía, que aprobará así mesmo a lista definitiva, á que se lle dará a mesma publicidade que a dada para a provisional, elevándose a definitiva a provisionalmente aprobada para o caso de non haber reclamacións. Nesta última resolución incluírase a composición do tribunal así como lugar, data e hora do comezo dos exercicios.

5ª.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co sinalado no artigo 60 da Lei 7/2007, do Estatuto básico do empregado público, artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sobre os órganos de selección e no artigo 4 do Real decreto 896/1991.

A composición dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade de todos os membros. A designación nominal dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, nunca inferior a cinco, que pertencerán a grupos de clasificación profesional, tanto de persoal funcionario como laboral, para cuxo acceso se esixa titulación igual ou superior á esixida para a praza convocada. E tenderase, así mesmo, para a súa composición, á paridade entre muller e home.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente os substitúan.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllo á autoridade convocante cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou cando realízen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

Todos os membros do tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría, de conformidade co Real decreto 462/2002, do 24 de maio.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na aplicación destas bases e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo.

O tribunal poderá autorizar a incorporación ás sesións dos asesores especialistas que estime necesario e conveniente. Os devanditos asesores actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas que fixeron necesaria ou conveniente a súa colaboración co respectivo tribunal.

Composición do tribunal: presidente: (titular e suplente) funcionario/a de carreira de calquera administración pública. Vogais, en número de catro (titulares e suplentes), designados polo alcalde ou concelleiro/a delegado/a: tres funcionarios pertencentes a calquera corpo de policía local e un técnico con coñecementos xurídicos (técnico de administración xeral ou funcionario con habilitación de carácter estatal). Secretario/a:

funcionario/a con habilitación de carácter estatal do Concello do Barco de Valdeorras (con voz pero sen voto).

6ª.- Desenvolvemento das probas e programa

As probas selectivas non poderán comezar ata transcorridos dous meses desde a data en a que aparezan publicadas estas bases no Boletín Oficial da Provincia.

O comezo das probas selectivas deberá anunciarse con 15 días de antelación, como mínimo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, podéndose facer o anuncio coa publicación dos aspirantes admitidos no proceso selectivo.

Unha vez comezadas as probas selectivas non será obrigatoria a publicación da realización dos sucesivos exercicios no Boletín Oficial da Provincia, será suficiente coa súa exposición no taboleiro de edictos do concello e, para os efectos informativos, na páxina web do concello.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídos/as da oposición os que non comparecesen, salvo nos casos debidamente xustificadas apreciados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das 24 horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparecesen.

A actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente realizaranse pola orde alfabética segundo a primeira letra do primeiro apelido de cada aspirante, comezando pola letra que proceda de acordo co sorteo efectuado ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma do 20 de marzo de 1991 para o ano 2016.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento, podendo os membros ou colaboradores do tribunal, esixir a súa exhibición en calquera momento ao longo da realización da correspondente proba.

Entre o final de cada unha das probas e o comezo da seguinte deberán transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días. Respecto das probas físicas cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a realización de varias probas nunha mesma xornada, concedendo ás persoas que opositan un descanso mínimo de trinta minutos entre cada unha, ou ben establecer a realización destas en días distintos.

A realización dos exercicios que non sexan de exposición ou lectura pública garantirán o anonimato dos/as aspirantes na súa corrección.

Nos exercicios que comprendan probas físicas, o tribunal poderá esixir o certificado médico correspondente que acredite que os aspirantes se encontran nas debidas condicións para realízasas ou sometelo a recoñecemento médico previo.

O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables tanto de tempos como de medios no proceso selectivo que sexan necesarios para os aspirantes con discapacidade, cando así o indicara o interesado/a na solicitude para participar no proceso de selección.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún aspirante carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, logo de audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo. Así mesmo, se no tribunal se suscitan dúbidas respecto da capacidade do aspirante ao longo do proceso selectivo para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polo persoal do corpo ao que se opta, poderán solicitar o correspondente ditame do órgano correspondente.

No anexo I conséntase o contido e desenvolvemento de cada proba.



De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto das aspirantes embarazadas que prevean que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo. Estas aspirantes poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. A solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

As cualificacións dos aspirantes aprobados en cada un dos exercicios serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello.

Contra a puntuación obtida, os aspirantes que o consideren oportuno, poderán presentar reclamacións ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da puntuación de que se trate. Á vista das reclamacións que se presenten e, no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións.

7ª.- Relación de aprobados

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación (que se corresponderá coa cualificación da proba de coñecementos) a relación de aprobados, e elevará a devandita relación ao órgano competente para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento como funcionario en prácticas e de superar o preceptivo curso teórico-práctico o nomeamento como funcionario de carreira.

Os respectivos tribunais que se designen para xulgar as distintas probas selectivas non poderán propoñer o acceso á condición de funcionario dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, co fin de asegurar a cobertura da praza, o tribunal elaborará por orde decrecente de puntuación unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, no que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superaran o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegara a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano convocante ao abeiro do disposto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, poderá substituílo polo seguinte en orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación conseguida.

Nos casos de empate na puntuación final do proceso selectivo atenderase aos seguintes criterios de prioridade:

1º. Ser muller, agás que o tribunal selectivo considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos entenda que existen motivos non discriminatorios para preferir ao home.

2º. A mellor nota na superación da proba física 3.1.

3º. A mellor nota na superación da proba física 3.4.

4º. A mellor nota na superación da proba física 3.5.

8ª.- Curso selectivo e período de prácticas

O concello comunicará sen mora á Academia Galega de Seguridade Pública a relación do alumnado que debe incorporarse ao curso selectivo, solicitando a reserva da praza.

Para o desenvolvemento do curso selectivo de formación e do período de prácticas a persoa aprobada será nomeada funcionario/a en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lle correspondan segundo a súa situación e a súa categoría. Os funcionarios en prácticas terán dereito durante o período no que efectivamente se realice o curso selectivo de formación e o período de prácticas as retribucións correspondentes ao soldo do grupo C1 que corresponda de acordo coa Lei orzamentaria correspondente. Corresponderalle tamén gozar dos días de vacacións que correspondan proporcionalmente á duración do curso teórico e período de prácticas coas retribucións antes mencionadas.

A superación do curso selectivo resulta obrigatorio para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente. Soamente estarán dispensadas de realizar o dito curso aquelas persoas que xa o tiveran superado con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.

A superación do período de prácticas tamén resulta obrigatorio para acceder á condición de funcionario de carreira para o que ao final de período de prácticas, valéndose do instrumento ou cuestionario de avaliación obxectiva facilitado pola academia, o xefe de Policía elaborará un informe individual por cada alumno/a, de tal maneira que reflicte se superou ou non dito período.

No caso de non incorporación ao curso ou ao período de prácticas, ou abandono destes sen rematalos, agás causas excepcionais, considerarase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na academia e o período práctico, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos conseguidos no proceso selectivo.

Todo o relativo ao curso selectivo de formación, ao período de prácticas e á súa superación axustarase integramente ao disposto no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

9ª.- Presentación de documentos

As persoas que tiveran superado o período de prácticas achegarán, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de anuncios do concello (e na páxina web municipal para os efectos de maior difusión), os seguintes documentos:

1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu documento nacional de identidade.

2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou, se é o caso, diploma baseándose no cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de cumprir todos os requisitos para a súa expedición.

3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira, que será expedido por médico competente.



4.- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais mediante expediente disciplinario, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

5.- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

6.- Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

7.- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

8.- Número de conta bancaria, con indicación de todos os díxitos.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quen tivese a condición de funcionario público de carreira ou de persoal laboral da administración pública non terá que xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento/contrato, unicamente deberá presentar certificación da administración pública da que depende que acredite tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folia de servizos.

10ª.- Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionarios

O nomeamento de funcionario de carreira realizarase unha vez recibido no concello o informe do órgano competente da Xunta de Galicia que certifique que o aspirante superou o curso teórico e o período de prácticas.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados funcionarios, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión no prazo dun mes contado dende o seguinte ao que sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, se non o fixese dentro do prazo sinalado. Para tomar posesión será preciso que con carácter previo se tivera realizado a publicación do nomeamento como funcionario de carreira no Boletín Oficial da Provincia.

11ª.- Normativa aplicable

Resultará de aplicación a este procedemento a lexislación básica do Estado sobre función pública, a lexislación da comunidade autónoma sobre coordinación da Policía Local, especialmente os contidos do Anexo I da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais e o Real decreto 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración local. No non previsto nelas, será de aplicación a regulamentación que para o ingreso na función pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e, supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.

12ª.- Recursos

Contra a aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación destas bases no BOP (artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), ou ben, previamente e con carácter potestativo, un recurso de reposición ante o órgano autor da disposición impugnada, no prazo dun mes (artigo 116 da lei 30/1992, do 26 de novembro), sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercitar, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Anexo I

Contido do proceso selectivo, por oposición libre, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

A oposición constará de cinco exercicios, eliminatorios cada un de eles, de modo que non poderán pasar ao seguinte os que non tiveran alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un de eles.

Facúltase ao tribunal cualificador, unha vez finalizada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación a porcentaxe de aspirantes que deban desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas de resultar necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas.

A orde, contido e puntuación mínima para superar cada exercicio será o seguinte:

Primeiro exercicio: 1. Proba de avaliación dos coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba será cualificada polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$N = (A - F/3)/10$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondidas.

Temario:

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguranza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguranza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino.



Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguranza. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institucións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario. Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguranza. Funcións da Policía Local.

18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.

19. A actividade da Policía Local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

24. Delitos contra a administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

29. Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da Policía Local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

34. Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

Segundo exercicio: 2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdolos á proba ou probas que consideren máis adecuada/s para tal comprobación. Porén, as persoas aspirantes que acrediten, con carácter previo e de maneira normativamente establecida, o coñecemento da lingua galega, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

O tempo máximo de duración será unha hora e poderá consistir na tradución dun ou varios textos. Ao rematar o exercicio, o



tribunal chamará aos aspirantes para que dean lectura total ou parcial do exame.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente homologado de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007 coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega. Terán efectos equivalentes á validación do Celga 4, e sempre e cando o/a aspirante se atope na situación recollida no punto 2 da disposición adicional terceira da mencionada orde, a documentación e referencia normativa achegada e alegada polo/a aspirante para acreditar que se está en posesión dos estudos ou probas que se precisan para poder ser validados polo Celga 4, correspondéndolle a esta Administración comprobar a documentación presentada e determinar se procede ou non a exención.

Terceiro exercicio: 3. Aptitude física, que incluírá a comprobación da estatura dos aspirantes.

- Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

- Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas 3.1, 3.4 e 3.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas 3.2 e 3.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución, no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba para executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

3.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chá, de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 7,40 segundos.

Mulleres: 8,20 segundos.

3.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

3.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans nús, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión

será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exixible é de 10 flexións.

3.2.2. Suspensión en barra

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara a atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

3.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

3.4. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3 minutos e 30 segundos.

Mulleres: 4 minutos e 10 segundos.

A.3.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24 segundos.

Mulleres: 28 segundos.

Cuarto exercicio: 4. Probas psicotécnicas

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicológico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/non apto.

4.1. Proba de intelixencia

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal,

comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

4.2. Probas de personalidade

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Quinto exercicio: 5. Proba de recoñecemento médico

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Para os efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade-delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9, considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.

Para as diagnoses establecidas neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para a diagnose.

Anexo II

Don/Dona..., con data de nacemento ... con DNI n.º... e con domicilio en ..., (teléfono ...) ante o alcalde-presidente do Concello do Barco de Valdeorras, comparece e di:

a) Que coñece e acepta as bases que van rexer na oposición, por quenda libre para a provisión con carácter definitivo de dúas prazas de Policía Local, vacantes no cadro de persoal de funcionarios dese concello.

b) Que desexa ser admitido ás probas selectivas ao obxecto de prover as citadas prazas.

c) Que reúna todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que achego a documentación esixida para o efecto (orixinais ou copias debidamente compulsadas)

d) Que achega á presente:

- Copia compulsada do DNI.

- Fotocopia compulsada do título de ... (Bacharelato, técnico de Formación Profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia.)

- Fotocopia compulsada dos permisos de condución das clases A2 e B con BTP, así como declaración xurada comprometéndose a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo, como funcionario de carreira, no Corpo da Policía Local.

- Declaración xurada de portar armas e, se é o caso, chegar a utilizalas.

- Certificado médico segundo modelo oficial no que se fai constar expresamente que reúna as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que se especifican no anexo I.

- Fotocopia compulsada acreditativa de posuír o título que permita estar exento da proba de lingua galega.

Por todo o exposto,

Solicito que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido ás probas selectivas para a selección e a provisión con carácter definitivo dúas prazas de Policía Local vacantes no cadro de persoal de funcionarios do Concello do Barco de Valdeorras.

..., ... de ... de 20...

Asdo.: ...

O Alcalde Do Concello Do Barco De Valdeorras"

O Barco de Valdeorras, 18 de abril de 2016. O alcalde

Asdo.: Alfredo L. García Rodríguez

Anuncio

Convocatoria y bases reguladoras del proceso de selección de dos plazas vacantes de funcionarios/as de carrera pertenecientes al Cuerpo de Policía Local (categoría policía).

Por resolución de la Alcaldía de 18 de abril de 2018, se acordó convocar el proceso y aprobar sus bases reguladoras para cubrir, en propiedad, dos plazas vacantes de funcionario de carrera incluidas en la oferta de empleo público del ejercicio 2013 (publicada en el BOP n.º 10 del 14.01.2014 y en el DOG n.º 11 de 17.01.2014) pertenecientes a la administración especial, subescala de servicios especiales, clase policía local, por lo que se le da preceptiva publicidad:

"Bases reguladoras del proceso de selección de dos funcionarios/as de carrera correspondientes a las plazas vacantes incluidas en la oferta de empleo público del año 2013 del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras

1ª.- Objeto de la convocatoria y procedimiento de selección

Es objeto de las presentes bases la regulación del proceso selectivo para cubrir, en propiedad, dos plazas vacantes incluidas en la oferta de empleo público del ejercicio 2013 (publicada en el BOP n.º 10, de 14.01.2014 y en el DOG n.º 11, de 17.01.2014) correspondientes a la administración especial, subescala de servicios especiales, clase policía local y que según la Ley 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policías Locales de Galicia, pertenecen a la escala básica, categoría de policía. Ambas plazas pertenecen al grupo C1, tienen un complemento de destino nivel 17, y un complemento específico de 9.907,17 € (referido a 14 pagas).

El procedimiento de selección será la oposición por turno libre.

2ª.- Requisitos de los aspirantes

1. Para poder participar en el proceso será preciso reunir los requisitos siguientes:

a) Tener la nacionalidad española.

b) Superar los 18 años de edad.